

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

**18422** *Real decreto 1526/2010, do 15 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1791/2009, do 20 de novembro, polo que se regula o réxime de funcionamento, competencias e composición do Consello de Participación da Muller.*

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, regula, no seu artigo 78, o Consello de Participación da Muller como o órgano colexiado de consulta e asesoramento co fin esencial de servir de canle para a participación das mulleres na consecución efectiva do principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes e a loita contra a discriminación por razón de sexo, e establece que o seu réxime de funcionamento, competencias e composición se determinará regulamentariamente, garantindo, en todo caso, a participación do conxunto das administracións públicas e das asociacións e organizacións de mulleres de ámbito estatal.

Para tal efecto ditouse o Real decreto 1791/2009, do 20 de novembro, polo que se regula o réxime de funcionamento, competencias e composición do Consello de Participación da Muller, que veu dar cumprimento a estas previsións legais.

Non obstante, a recente reestruturación dos departamentos ministeriais operada polo Real decreto 1313/2010, do 20 de outubro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, supuxo a supresión do Ministerio de Igualdade, ao cal está adscrito o Consello de Participación da Muller, e a creación dunha Secretaría de Estado de Igualdade, dependente do novo Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade. Isto aconsella a modificación do Real decreto 1791/2009, do 20 de novembro, polo que se regula o réxime de funcionamento, competencias e composición do Consello de Participación da Muller, en relación coa súa adscrición e composición.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de novembro de 2010,

#### DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1791/2009, do 20 de novembro, polo que se regula o réxime de funcionamento, competencias e composición do Consello de Participación da Muller.*

Un.—O artigo 2.1 do Real decreto 1791/2009, do 20 de novembro, polo que se regula o réxime de funcionamento, competencias e composición do Consello de Participación da Muller, queda redactado nos seguintes termos:

«1. O Consello de Participación da Muller é un órgano colexiado de natureza participativa e de carácter consultivo e asesor, adscrito á Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.»

Dous.—O artigo 5.1 do Real decreto 1791/2009, do 20 de novembro, polo que se regula o réxime de funcionamento, competencias e composición do Consello de Participación da Muller, queda redactado nos seguintes termos:

«1. Exercerá a presidencia do Consello de Participación da Muller a persoa titular do Ministerio de Sanidade, Política Social e Igualdade.»

Tres.—O artigo 6.1 do Real decreto 1791/2009, do 20 de novembro, polo que se regula o réxime de funcionamento, competencias e composición do Consello de Participación da Muller, queda redactado nos seguintes termos:

«1. A vicepresidencia primeira será exercida pola persoa titular da Secretaría de Estado de Igualdade. A vicepresidencia segunda será elixida por e entre as persoas que exerzan as vogalías en representación das organizacións e asociacións de mulleres.»

Catro.—O artigo 7.1 do Real decreto 1791/2009, do 20 de novembro, polo que se regula o réxime de funcionamento, competencias e composición do Consello de Participación da Muller, queda redactado nos seguintes termos:

«1. Exercerà a secretaría a persoa titular da Dirección Xeral do Instituto da Muller.»

Cinco.—As referencias efectuadas ao Ministerio e á ministra de Igualdade no Real decreto 1791/2009, do 20 de novembro, polo que se regula o réxime de funcionamento, competencias e composición do Consello de Participación da Muller, entenderanse feitas ao Ministerio e á ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de novembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Sanidade, Política Social e Igualdade,  
LEIRE PAJÍN IRAOLA